



“Canteiros de Pontevedra
que fixeron vi’la iaghua
de Vigho a Redondela
ai la la...”

Cancioneiro popular galego (1984)

Recollido por Dorothé Schubart e Antón Santamarina
no Vilar (Carnota), a Victorina, Manuela e Dominga.

“O gaiteiro de Soutelo
mal raio de Dio-lo mate
non quere toca-la gaita
se non lle dan chocolate”

Cancioneiro popular galego (1984)

Recollido por Dorothé Schubart e Antón Santamarina
no Fontenlo, Codeseda (A Estrada), a Manuel.

LINGUA E LITERATURA

“Quizais é o cancionero unha das parcelas do patrimonio inmaterial mellor conservadas aínda; cando a Schubarth e eu recollemos o *Cancioneiro popular galego* pensamos que xa eramos os últimos recolledores (de feito no noso cancionero hai moitas pezas xa mutiladas pola falta de repetición); pero despois de nós aínda viñeron outros que atoparon as mesmas pezas, ás veces máis completas, e outras moitas novas.”

A POESÍA POPULAR

Foron creadoras e trasmisoras de arte e beleza, como anunciou a Real Academia Galega para homenaxearlas no Día das Letras Galegas en 2025. Representan a poesía popular galega e a tradición oral que conservou e alumeou o noso idioma. Personificada nas figuras de Adolfinia e Rosa Casás Rama (Cerceda), Eva Castiñeira (Muxía), e Prudencia e Asunción Garrido Ameixenda e mais Manuela Lema Villar (as tres Pandeireteiras de Mens, de Malpica de Bergantiños), esta edición é unha homenaxe a toda a cultura popular galega.

GRANDES ÉXITOS

1984



Cancioneiro popular galego (1984) é unha obra de recompilación das cancións populares galegas promovida pola Fundación Pedro Barrié de la Maza. O traballo de recollida, transcripción e clasificación

levárono adiante Dorothé Schubart e Antón Santamarina entre 1978 e 1983, e está considerado como o máis completo dos cancioneros populares ata o momento. A publicación consta de sete volumes, divididos en partituras, melodías e letras, nos que se recollen máis de cinco mil pezas, o que a converte nun estudo referente da música tradicional galega. En 2014, Dorothé Schubarth doouulle o arquivo sonoro deste traballo de campo ao Museo do Pobo Galego e actualmente está accesible no Arquivo Sonoro de Galicia.

Outros cancioneros populares son: o *Cancionero musical de Galicia*, recollido por Casto Sampeiro e publicado por Filgueira Valverde (1942); o *Cancioneiro galego*, por Eduardo Martínez Torner e Jesús Bal y Gay (1973); ou o *Cantingueiro popular da Baixa Limia*, de Xaquín Lorenzo (1973).

O patrimonio oral (2008), Antón Santamarina